



INFORME AS EMENDAS PRESENTADAS

Informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria

Asunto: Emendas presentadas ao Proxecto do Orzamento para o ano 2020

Expediente: 62/142, Orzamento xeral ano 2020

Comisión Informativa: Orzamentos e Facenda

Calendario: Celebración da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na que se fixa o prazo de apertura e peche para presentación de emendas: 30/10/2019 até 07/11/2019, presentación de informe e proposta sobre as emendas, 08/11/2019. Debate das emendas en Comisión, o 11/11/2019.

Emendas presentadas:

Populares de Vigo, N°. Rexistro do Pleno: 2228/1101, a totalidade e unha parcial

Grupo Mixto, N°. Rexistro do Pleno: 2230/1101, a totalidade

BNG, Membro non adscrito, N°. Rexistro do Pleno: 2228/1101, parcial

Remisión da documentación para informe dende: Secretaría Xeral do Pleno

Data da remisión: 14,00 horas do 07/11/2019.

Remisión do Informe a: Secretaría Xeral do Pleno, 08/11/2018

Normativa aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Regulamento (UE) N°. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC- 2010).

Regulamento (CE) n° 1466/97 do Consello, relativo ao reforzo da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro.

Regulamento orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 62/142
Proxecto Orzamento 2020

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016 (ROP).

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo .

Informe

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2019, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI, esta en liquidación por elo sin orzamento para o ano 2020.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 30/10/2019 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2019. O prazo fixado comezou o día 30/10/2019 coa entrega dun soporte informático con toda a documentación que contén o expediente 62/142, e rematou as 14,00 horas do día 07/11/2019.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente tanto físico como electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno. Ademais da entrega do soporte informático aos voceiros, con data 31/10/2019, na liña 341 do expediente electrónico, se autoriza a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente electrónico coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición da documentación que conforma o expediente para o estudo e a formación da vontade dos Grupos Políticos Municipais.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 07/11/2019 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente físico e electrónico.

As emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, sen prexuízo do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento do obxectivo da Estabilidade Orzamentaria, vaise informar legal e tecnicamente sobre o contido das mesmas, e si é posible, sobre a súa proposta de aceptación ou rexeitamento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 12:20

Páxina 2 de 13

Expediente 62/142

CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Limitacións regulamentadas no Regulamento Orgánico do Pleno

No informe de avaliación se terá en conta o contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno:

1. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

2. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

3. As emendas ó articulado das Bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 2.

4. Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Outras limitacións de tipo legal ou de equilibrios orzamentarios

Ademais de terse que suxeitar ao contido do previsto no artigo 83 do ROP, as emendas que se presenten deberán ter en conta o cumprimento dos obxectivos previstos nas Regras Fiscais (cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e endebedamento) aprobadas polo Consello de Ministros en data de 7 de xullo de 2017 para os anos 2018-2020 en prórroga. En consecuencia, deberán respectar as seguintes limitacións:

a) Se a emenda altera o contido do informe de estabilidade orzamentaria emitido pola Intervención Xeral na que se avalía o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, non se axustaría ao contido da LOEOSF, polo que tería que ser rexeitada.

b) Se a emenda altera as dotacións previstas para facer fronte aos custes dos contratos formalizados vixentes, que poña en risco a cobertura das obrigas que emanan dos mesmos e xere un desequilibrio no proxecto do orzamento, a emenda tería que ser rexeitada.

c) Se a emenda pon ou pode por en risco obxectivo, o funcionamento operativo dos servizos, de tal xeito que, non haxa capacidade para o funcionamento normal dos mesmos pola diminución que se está a facer das aplicacións afectadas a esta finalidade, tería que ser rexeitada.

d) Se a emenda xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, de tal xeito que, os recursos non cubran os empregos desta natureza, equilibrio este que debe manter o Proxecto que está en trámite, tería que ser rexeitada.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 12:20	Páxina 3 de 13
	Expediente 62/142	CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Solicitud de informe aos efectos de dar cumprimento ao artigo 83.5 do ROP

Aos efectos de emisión do informe técnico, a Secretaría do Pleno, incorporou o día 07/11/2019 ao expediente electrónico as emendas presentadas, sendo este o soporte documental sobre a que se está a emitir o informe.

En cumprimento do previsto no artigo 83.5, ao amparo do previsto na Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25 de febreiro de 2016, informo.

As emendas relacionan os programas e capítulos que son obxecto de minoración, aumento ou de nova creación. Aos efectos de non reproducir no informe a identificación da estrutura orzamentaria, non se reflicten no informe, remítome para a súa identificación ao texto da emenda e ao programa orzamentario, aínda que se incorpora a síntese que se fai das emendas.

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 07/11/2019, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101, presentou emenda a totalidade e outra parcial para o suposto de que non prospere a emenda a totalidade.

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regula as emendas á totalidade, nas que previo debate e neste caso fundadamente, suporía se fose aceptada a devolución do proxecto de Orzamentos á Xunta de Goberno Local.

O ROP non regula o procedemento de debate da emenda a totalidade, polo que, salvo acordo en contrario, terán o mesmo tratamento que o previsto para as emendas parciais.

Emenda á totalidade

A emenda a totalidade a xustifica o Sr. Voceiro nas contías dotadas e non executadas dos orzamentos, de aí, xustifica o non incremento de ingresos tributarios.

A emenda a totalidade non presenta proxecto orzamentario alternativo, fundamentando a mesma en criterios políticos que non poden ser obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que non pode ter unha avaliación técnica e que deberán ter o seu debate no marco da política.

O Proxecto de Orzamento, ten que dar cobertura ás obrigas que devenga a plantilla de persoal, aos contratos en vigor cos prezos que en cada caso teñan formalizados, as transferencias obrigatorias e gastos de funcionamento operativo. Os demais recursos, poden ter os empregos que o goberno considere oportunos, sempre dentro dos límites que marca a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira (obxectivos aprobados de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto).

As contías que se dotan no capítulo 1, son as necesarias para facer fronte aos custes da Plantilla vixente, incluídos os postos vacantes, ben por estar pendentes a execución de OEP, ou por non estar asociados a ningunha oferta de emprego, incorporando, tal e como se fai constar no informe económico de





gastos, os acordos sobre actualización salarial do emprego público (parte fixa e variable) e a normativa reguladora en relación cos aumentos nas cotizacións dos empregados á Seguridade Social. En consecuencia, o incremento das dotacións no capítulo 1, teñen causa na aplicación do marco normativo.

Do mesmo xeito, o incremento do capítulo 2, tamén quedou xustificado, novos contratos de prestación de servizos básicos, relacionándose no informe económico de gastos, as prestacións que eran obxecto de incremento, polo que non se reproduce o informe. Non hay novas prestacións, hai incrementos en prestacións que entraron en vigor no ano 2019 ou que o farán no ano 2020, por maior número de unidades a satisfacer (Aumento da superficie en parques e xardíns, novos Parques Infantís e biosaudables, novo contrato con prestacións máis amplas na rede semaforica, aumento no número de horas no servizo de axuda no fogar,.....).

En relación a análise dos dereitos liquidados e obrigas recoñecidas, non a consideramos tecnicamente axustada. A saúde financeira do sector público en xeral, e en particular do subsector local e dentro de este, do Concello de Vigo, no ten a súa base e resultados na comparativa entre dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas, esta non sería correcta para garantir o pagamento nos prazos esixidos pola Lei de morosidade (Lei 3/2004) e dentro dos prazos que regula o Real Decreto 635/2014 coa modificación introducida polo RD 1040/2017. Os dereitos liquidados non sempre se traducen en corrente financeira, do devandito saldo habería que deducir as anulacións que cada ano se tramitan de exercicio corrente e de pechados.

Como se deixa constancia na última liquidación aprobada (Liquidación Orzamentaria do ano 2018), os Dereitos pendentes de cobro dos estados consolidados a 31 de decembro do ano 2018 ascenden a 86.220.044,46 euros, que figuran nun 92,00% con dotación por dubidoso cobro polo saldo de pechados, sendo 61.336.754,68 euros de pechados e 24.883.289,78 euros de corrente.

A comparativa obxectiva e real é a de comparar os cobros de exercicio corrente e pechado e enfrontalos aos pagamentos de obrigas de corrente e pechados. Se se fai esta comparativa, as desviacións non son nin moito menos as que se reflicten na emenda, senón todo o contrario. Dos datos da Liquidación do ano 2018, ponse de manifesto que os pagamentos correspondentes ao orzamento corrente e pechados, foron por unha contía de 268.096.469,9 euros, e o cobros de corrente e pechados, foron por unha contía de 250.857.688,6 euros.

En consecuencia, enfrontar os dereitos liquidados coas obrigas recoñecidas, non é o criterio seguido polo SEC-2010 para avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para os capítulos 1, 2 e 3 do Orzamento de ingresos, e moito menos un criterio de prudencia, xa que non se estará a garantir os prazos de pago, e levaría na práctica a un escenario de déficit financeiro.

Emenda parcial

En síntese, o Sr. Voceiro fai unha proposta de novos empregos valorados en 7.500.000,00 euros, e considera reducible o 7% do capítulo 2, obtendo unha contía de 8.875.055,17 euros, fundamentando a redución deste capítulo nos estados de execución e na inexecución que se fan constar nos informes.

Avaliación da emenda

A emenda presentada, dende unha perspectiva formal, axústase ao previsto no artigo 83 do

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 12:20	Páxina 5 de 13
	Expediente 62/142	CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, xa que tratándose dunha emenda incrementalista (novos empregos), os recursos teñen orixe en baixas doutras aplicacións (inexecucións previstas), estando polo tanto equilibrada formalmente, non alterando cuantitativamente os orzamentos aprobados.

Da redución total prevista para o capítulo 2, a emenda destina 495.000,00 euros ao SAF, 1.000.000,00 euros a emerxencia social e 7.500.000,00 euros aos empregos que se relacionan no apartado 2. da emenda.

En relación coa redución do capítulo 2 nunha porcentaxe do 7% e polo importe que se fai constar, fanse as seguintes consideracións:

A análise técnica que fan os servizos correspondentes sobre as inexecucións (na formación e na Liquidación do Orzamento), ten o seu fundamento legal no Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010) e da Regra Fiscal de Gasto regulada no Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello, relativo ao reforzo da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro e na Lei Orgánica 2/2012. En aplicación desta normativa, o gasto computable é en termos de obrigas recoñecidas, e así hai que facelo en aplicación deste bloque normativo .

Así mesmo, en aplicación do artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 46 da Lei 47/2003, de 26 de novembro (LGP), non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

É dicir, é necesario facer as dotacións orzamentarias cuantitativamente axeitadas aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que, para licitar, é necesario ter unha dotación suficiente para a totalidade do gasto inicialmente autorizado para o ano. O gasto autorizado ou comprometido representan estados orzamentarios distintos do que corresponde a fase de recoñecemento da obriga. A contía das obrigas recoñecidas que é a tomada en consideración aos efectos de avaliar as inexecucións é menor, basicamente por dúas razóns:

1º.- Nos procesos e procedementos de contratación, estase a producir unha diferenza importante entre a contía orzamentaria da licitación e a contía da adxudicación. Como se fixo constar, o crédito orzamentario ten que ser suficiente para tramitar os procesos de licitación.

2º.- Hai parte do gasto comprometido no ano corrente que non alcanza a fase de recoñecemento da obriga no ano, queda en fase de compromiso, fase (D), que se incorpora como remanente ao ano seguinte.

En relación coa situación descrita, no ano 2019, como cada ano, incorporáronse remanentes de compromisos de gasto do ano precedente (Fase D ou dispoñibles si estes fosen recursos afectados). Esta contía non está no estado de recoñecemento da obriga (fase O no ano anterior), polo tanto, non é tomado en conta como gasto executado, é unha inexecución nos termos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, aínda que a dotación é necesaria ao marxe de que o gasto non chegue a fase (O). De aplicar o criterio proposto, non habería saldo para os compromisos pola citada contía.

Da Liquidación dos estados orzamentarios consolidados do ano 2018, os créditos obxecto de





licitación, para os que se require dotación, foron por unha contía de: 289.434.171,62 euros. Os gastos comprometidos, foron por unha contía de 286.828.831,15 euros, e as obrigas recoñecidas foron por unha contía de: 264.906.765,92 euros, o que pon en evidencia, que de ter presupostado tendo en conta as inexecucións, créditos que non chegan a fase de recoñecemento da obriga, habería un gran número de proxectos que non poderían terse licitado.

En consecuencia, a proposta de redución xeral aplicable facendo a comparación entre a execución media e o orzamento en trámite, non pode ser tida en consideración, xa que aos efectos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, o gasto avalíase en termos de obrigas recoñecidas, fase (O), cando a dotación ten que responder aos importes do procedemento de licitación, neste caso, ao estado de retencións de crédito, situación na que ten que estar o crédito na fase inicial de tramitación ou na de autorización do gasto, fase (A), que se corresponde co procedemento de contratación.

Así mesmo, aínda que as facturas dos servizos contratos non cheguen a fase de recoñecemento da obriga, o saldo de créditos en fase de compromiso, terase que incorporar, para garantir a súa tramitación e pago no ano seguinte, e as obrigas devengadas non imputadas ao orzamento, rexistraranse na conta contable 413 tanto aos efectos do cálculo do obxectivo de Estabilidade como da Regra de gasto.

A redución xeneralizada proposta deste capítulo do estado de gastos, afectaría á totalidade dos contratos, o cal supón a modificación destes, e dada a contía da maioría destas relacións contractuais, en aplicación da Lei 9/2017, LCS, os modificados requiren ditame do Consello Consultivo e posteriormente tramitar os devanditos modificados.

Aos efectos de cumprimento do marco normativo, o artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esixe a emisión do informe económico de gastos, que ten que acreditar a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento, extremo este que está reflectido no informe económico que forma parte do expediente.

De aprobar a emenda cos novos empregos propostos, sen posibilidade legal e real de facer unha redución do capítulo 2 do estado de gastos nesa contía, estaríase a producir un desequilibrio na formación do orzamento. O artigo 165.4 don TRLRFL, establece que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sin déficit inicial. O artigo 168.1.g), establece como principio orzamentario a efectiva nivelación dos orzamentos, principio que non se cumpriría se se produce unha redución do gasto inicialmente proposto por uha inexecución final que non podería afectar aos contratos.

Os empregos, coa excepción daqueles que están asociados a prestación de servizos con contratos en vigor, e os destinados a sufragar os devengos do capítulo 1, as dotacións contidas no proxecto de orzamento en trámite é a distribución funcional e económica do gasto, é unha competencia en canto a súa formación e proposta do Sr. Alcalde Presidente. É polo tanto, unha decisión que corresponde ao goberno sobre a oportunidade dos empregos dos recursos, sempre e cando haxa recursos para o seu financiamento e se de cumprimento ao previsto na LOEPSF e TRLRFL.

Hai que informar, que a redución do gasto proposta en base as inexecucións, tal e como se fai constar, avalíase en termos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, non é legalmente posible. O artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 46 da Lei 47/2003, establece que non

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 12:20	Páxina 7 de 13
	Expediente 62/142	CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar, polo tanto as aplicacións orzamentarias hai que dotalas tendo en conta os procedementos de licitación.

Conclusión sobre a emenda presentada

A emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101, a totalidade e outra parcial para o suposto de que non prospere a emenda a totalidade, aparentemente é formalmente correcta coa redución proposta, por axustarse inicialmente ao equilibrio que esixe o artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, non entanto, non é posible tomala en consideración ao partires dunha situación non aplicable.

En relación coa emenda a totalidade, a xustificación que está a considerar non se axusta aos criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC), xa que os ingresos os valora tendo en conta o principio de caixa (corrente financeira), e non en termos de liquidación, polo que, non é considerado como criterio correcto.

En relación a emenda parcial, os recursos teñen orixe nunha redución do 7% do capítulo 2, (inexecucións), como se fixo constar no informe, as dotacións orzamentarios teñen que ser suficientes aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar e cubrir os contratos en termos anuais, requírese ter unha dotación necesaria para a totalidade do gasto imputable ao ano ou proxecto se fose o caso. Esta obriga legal fai necesario ter a dotación para este estado orzamentario (Fase (A) ou (D)), estado orzamentario distinto que o estado de recoñecemento da obriga (Fase O), que computa aos efectos dos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. Polo que, sempre, o importe das obrigas recoñecidas é menor que o do gasto autorizado e do comprometido, que nesta última situación, poderá ser incorporado como remanente ao orzamento do ano seguinte para dar cobertura as obrigas tramitadas no ano seguinte por compromisos de ano anterior.

A emenda presenta un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP. Esta situación solo se cumpriría, se non houbese baixas nos procedementos de contratación, no que o importe da fase de gasto de Autorización fose igual que a de Recoñecemento da obriga, situación non prevista na normativa da Contratación Pública.

Ademais do anterior, tamén se tería que cumprir, que todos os gastos, engadidas as certificacións de obra, teñan a súa imputación no ano corrente. En consecuencia co anterior, non podería estar autorizada a incorporación de remanentes de crédito, nin tería aplicación técnica a existencia da conta contable 413, que ten reflexo contable e non orzamentario, reflectindo aqueles gastos devengados no ano que non chegaron a ter a súa imputación ao orzamento do ano.

Sobre a inconsistencia da proposta nos remitimos aos estados de liquidación do orzamento do ano 2018, no que a diferenza cuantitativa entre os créditos autorizados e as obrigas recoñecidas é de: 24.527.405,70 euros.

Sobre os apartados da emenda que corresponden co criterio do goberno sobre a toma de decisión do emprego dos recursos, forma parte das decisións políticas, non sendo obxecto de avaliación técnica.





De resultar rexeitada a emenda, non quedaría afectada a Estabilidade Orzamentaria, polo tanto, non require informe da Intervención, en caso contrario, se a proposta é de aceptación, terá que ser sometida a mesma ao informe do Sr. Interventor Xeral.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

En data 07/11/2019, o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2230/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión Informativa.

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regulamenta as emendas a totalidade, nas que previo debate e neste caso fundadamente, suporía se fose aceptada a devolución do proxecto de Orzamentos á Xunta de Goberno Local.

En relación cos fundamentos da emenda a totalidade, fanse constar os seguintes:

Non é un proxecto participativo.

En relación cos ingresos, non se comparte o aumento dos tipos impositivos.

En relación con este apartado, a emenda fai relación ao aumento total das previsións, sen que se separe aquela que ten causa na xestión, da que ten causa na revisión das ordenanzas fiscais.

En relación cos gastos, detállanse as preferencias, xa que ao solicitar a devolución do proxecto, de non resultar aprobada a emenda á totalidade, non podería ter unha aplicación ou estimación parcial.

Empregos	Contía/incremento	Recursos/minoración	Importe
Axudas a familias, fondo de deshaucios	500.000,00	Redacción técnica proxectos	-50.000,00
Axuda a alugueiro vivenda, alimentos c. enerxía.	800.000,00	Aulas internacionais	-1.023.000,00
Bolsas de comedor e libros	500.000,00	Cabalgata de reis	-100.000,00
Achega ao MARCO	500.000,00	Festas de Vigo	-900.000,00
Convenio Federación Veciñal	80.000,00	Convenio entroido	-50.000,00
Programación Auditorio Mar de Vigo, C.Púb	500.000,00	Programa de decoración Nadal	-400.000,00
Adquisición vivendas parque emerx. social	1.348.200,00	Instalacións de alumeado Nadal	-200.000,00
Estudo remunicipalización servizos	50.000,00	Promoción turística destino R. aéreas	-2.855.200,00
Axudas a creación de empresas sociais e cop.	1.000.000,00	Gastos órganos de goberno	-100.000,00
Programa de melloras vías rural e periferia	1.000.000,00	Coop. Financeira arregl C. G.Civil	-100.000,00
Total	6.278.200,00	Convenio promoción C. Mar de Vigo	-500.000,00
			-6.278.200,00

Tamén se está a facer referencia a unha Partida sen cuantificar no capítulo 1, para levar a cabo a execución das ofertas de emprego público pendentes.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 12:20	Páxina 9 de 13
	Expediente 62/142	CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Avaliación da emenda

A emenda, que sendo a totalidade ten unha definición de parcial, xa que propón unha minoración de determinadas aplicacións por unha contía de 6.278.200 euros, co detalle que figura na emenda para a súa aplicación a incrementar dotación existentes ou a dotar outras novas pola mesma contía. Estamos ante unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, aínda que se propón un proxecto alternativo parcial, limitado aos novos empregos e ao seu financiamento, unha mestura entre a totalidade que é o obxectivo da emenda, e unha parcial que ven representada polos novos empregos e co financiamento polas baixas doutras aplicacións.

En relación coas minoracións que se reflicten na emenda, hai dúas que están asociadas a contratos en vigor: Programa de decoración e animación do Nadal e Instalacións e mantemento do alumado do Nadal (gasto plurianual).

Estas dúas aplicacións non serían reducibles.

En relación coas restantes: Aulas internacionais, promoción cultural no auditorio Mar de Vigo, promoción turística..., son dotacións que corresponden co criterio do goberno sobre a toma de decisión do emprego dos recursos, forma parte das decisións políticas, é polo tanto, deben ser debatidas no ámbito político.

En relación co auditorio Mar de Vigo, a proposta que se formula novamente ao Pleno, contempla a corrección dun erro material, xa que esta aplicación no ano 2019, xa tivo un tratamento de convocatoria pública, e foi de concorrencia competitiva limitada a todas as actividades que se desenvolveron no auditorio, polo que, o nome da mesma no Orzamento do ano 2020, pasa a ser "Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo".

En canto aos empregos, as dotacións que reflicte o capítulo 1 do estado de gastos, xa ten incorporado a totalidade dos recursos para executar a totalidade das OEP, é dicir, todas as prazas vacantes, entre as que están as correspondentes as OEP en execución, están dotadas, polo que non é necesario suplementar ningunha contía.

En canto á dotación para mellorar o pavimentado de parroquias, o orzamento en trámite, xa contempla dúas partidas: unha no capítulo 2, que supón un incremento de 780.000,00 euros en relación co ano anterior, e outra no capítulo 6 para mellora de beirarrúas no rural, que incrementa en 1.051.250 euros en relación co orzamento do ano 2019, polo que, as dúas aplicación veñen a incrementar os recursos para a súa aplicación ao viario das parroquias en 1.831.250 euros.

Os demais criterios ou valoracións da emenda, non teñen resposta técnica, e serán os que se debatan no Pleno.

Conclusión

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal Mixto, é unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, aínda que a súa estrutura é dunha emenda parcial.

A mesma está fundamentada en criterios políticos que non poden ser obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que non pode ter unha avaliación





técnica.

Como emenda á totalidade, o Sr. Voceiro solicita a devolución do proxecto de orzamento para a apertura dun novo proceso de elaboración con criterios participativos coas prioridades descritas.

En relación co proxecto de Orzamento que se tramita, someteuse ao bloque de legalidade que lle é de aplicación, dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria con sometemento ao SEC-2010, sen que se poida modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran procedementos ou solemnidades específicas distintas do previsto para a formación do orzamento, aspecto este que queda salvagardado tendo en conta o informe emitido pola Intervención Xeral.

A emenda terá que ser sometida a votación, se é aceptada, o Orzamento será devolto á Xunta de Goberno Local, en caso contrario, o expediente continuará a súa tramitación.

EMENDA PRESENTADA POLO CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO

Emenda presentada polo Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101.

A emenda presentada desagregase en 74 alteracións, que para a súa análise agrupáronse con criterios de aplicacións novas, aumentos, diminucións e anulacións.

Motivo emenda	Nº de aplicacións	Aumento en euros	Diminución en euros
Creación novas aplicacións	31	5.877.500,00	
Aumento de aplicacións	28	4.523.757,00	
Diminución de aplicacións	6		4.470.057,00
Eliminación de aplicacións	9		5.931.200,00
	74	10.401.257,00	10.401.257,00

Non se incorpora a este informe os programas afectados, por estar reflectidos na emenda e por carecer de relevancia na análise que se está a facer da mesma.

Nun primeiro orde de competencias, a formación do Orzamento e unha prerrogativa outorgada polo artigo 168 do TRLRFL ao Presidente da Corporación, sendo o proxecto presentado o formado por quen lle corresponde legalmente ou por quen ostenta a delegación da competencia.

Sen entrar na oportunidade dos empregos orzamentarios tanto nas aplicacións a crear como nas que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas ou anulación doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos asinados ou convenios en vigor, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos suficientes para atender aos compromisos adquiridos, neste caso contractuais, que teñen a súa orixe nunha relación xurídica certa.

Os contratos que se verían afectados, entre outros, son os de alumeado do nadal así como o de actividades e decoración e os dos servizos complementarios de educación (aulas internacionais).

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 12:20	Páxina 11 de 13
	Expediente 62/142	CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



En relación coa diminución ou eliminación das aplicacións destinadas a cobertura de contratos en vigor, dada a contía do modificado ou a supresión total, suporía a resolución de contratos vixentes, coas indemnizacións legais que correspondesen segundo a Lei 9/2017.

A diminución en 3.000.000,00 euros da dotación destinada á reforma do Estadio Municipal de Balaidos, ten un financiamento afectado a cargo da Excm. Deputación de Pontevedra (cofinanciamento ao 50%), o cal suporía a perda automática da mesma por destinala a un fin distinto do considerado no convenio asinado.

En relación coa previsión contida no Fondo de Continxencia, considérase dende unha análise técnica, que a súa dotación é coherente en relación coa contía do orzamento para facer fronte a situacións imprevisibles que acontezan ao longo do ano 2020, polo que, a redución dun 50%, non é aconsellable. De non facer aplicación do fondo para modificacións orzamentarias imprevisibles, pasará a formar parte do superávit.

Todos os recursos que teñan orixe na baixa de aplicacións orzamentarias asociadas a contratos ou a convenios en vigor serían nulas, polo que, a proposta de creación ou maiores dotacións por unha contía de 10.401.257,00 euros, non dispoñen de recursos suficientes para o seu financiamento, polo tanto, a emenda estaría desequilibrada, resultando a proposta feita contraria a dereito por estar a xerar un déficit orzamentario (artigo 165.4 do TRLRFL).

Conclusión da emenda presentada

A emenda presentada financia novos empregos ou aumento de outros, con recursos non suficientes, ben por estar os propostos asociados a contratos ou por ter financiamento afectado, de aí que non poden ser aplicables a outra finalidade. En consecuencia co anterior, a emenda en termos reais e legais, non estaría equilibrada, incumpríndose o previsto no artigo 83 do ROP, xerando un desequilibrio orzamentario que non o permite o art. 165.4 do TRLRFL.

De resultar rexeitada a emenda, non quedaría afectada a Estabilidade Orzamentaria, polo tanto, non require informe da Intervención, en caso contrario, se a proposta é de aceptación, terá que ser sometida a mesma ao informe do Sr. Interventor Xeral.

Isto é todo o que ten que informar este técnico en relación coas emendas presentadas polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal dos Populares de Vigo, polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal Mixto e a presentada polo Sr. Concelleiro do BNG, membro non adscrito do Pleno.

Así mesmo, detectáronse erros no nome de tres aplicacións polo que é necesario corrixir

Aplicación	Nome	Corrección
3331.4700002	Convenio Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo	Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo
3370.489002	Subvención Ludoteca AV LAVADORES	Dinamización infantil/Xuvenil AV LAVADORES
3370.4890004	Subvención Ludoteca AV CORUXO	Dinamización infantil/Xuvenil AV CORUXO

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2019 12:20	Páxina 12 de 13
	Expediente 62/142	CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 62/142
Proxecto Orzamento 2020

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Municipal e Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luís García Álvarez) 2019-11-08T11:29:39+01:00 -

Documento asinado

Informe de avaliación das emendas presentadas ao proxecto de Orzamento para o ano 2020

13



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 12:20

Páxina 13 de 13

Expediente 62/142

CSV: 2EE8C5-DC5887-B6578E-T1YJZN-9SW3L4-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>